



LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Caparrini Marín, Natalia
De Blas Varela, María Esther
Martín Moreno, José María
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Míguez Tabarés, José Luis
Pérez Vázquez, María Consuelo
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rubio Armesto, María Belén
Simal Gándara, Jesús
Soto Carballo, Jorge Genaro
Souto García, Raquel
Valderrama Santomé, Mónica

DECANOS/DIRECTORES

Cruz Freire, José Manuel
Cuevas Alonso, Miguel
Cuiñas Gómez, Iñigo
Currás Valle, Consuelo
Ferro Soto, Antonio Carlos
García Cutrín, Francisco Javier
García González, Silvia
Garrote Velasco, Gil
Pardo Froján, Juan E.
Reboreda Morillo, Susana
Rodríguez Martínez, Francisco Javier
Ruiz Hidalgo, Carmen

PDI-A

Collazo Fernández, Antonio
Fálagan Mota, Jorge
Paz Penín, Concepción
Pazos Arias, José Juan
Porteiro Fresco, Jacobo
Siota Álvarez, Mónica

PDI-B

Ferreiro Vázquez, Óscar

ESTUDANTES

Balado Barciela, Adrián
Gómez Fariñas, Beatriz
González López, Raquel
Moldes Pita, Óscar
Padilha Gómez, Iago
Rico Fuentes, Juan Jesús

PAS

Cebro Rodríguez, Xoan
Mollinedo Lois, Carlos

CONSELLO SOCIAL

Blanco Gómez, César
Calviño Rodríguez, Xulio
Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

Diez Ferrer, José Bienvenido
Pérez Gómez, Luis

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Gómez Rodríguez, Alma M^a
González Santamaría, Pedro
Lorenzo Rodríguez, Edita de
Rivo López, Elena
Torres Outón, Sara M^a

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 8 de outubro de 2018, convocada para as 10:00 h en primeira convocatoria e ás 10:30 h en segunda na Sala de Xuntas da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación.

Ás 12:30 h do día **8 de outubro de 2018** deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da correspondente á sesión ordinaria do 20 de xullo de 2018.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, da proposta de modificación do título Máster Universitario en “Estudios Ingleses Avanzados y sus Aplicaciones”.
4. Aprobación, se procede, do Programa de retención de talento investigador 2018 da Universidade de Vigo.
5. Aprobación, se procede, de prórrogas de contratos de investigadores distinguidos da Universidade de Vigo.
6. Toma en consideración do recurso de alzada interposto por Dna. Itziar Goicoechea contra o acordo da Comisión Permanente do Departamento de Deseño na Enxeñaría, polo que se lle asigna docencia da materia Proxectos.
7. Designación como representantes da Universidade de Vigo no Consello de Administración de Cidade Universitaria, S.A. - CUSA- de D. José L. Míguez Tabarés, Dna. M^a Consuelo Pérez Vázquez e Dna. Raquel Souto García.
8. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Acordo marco de cooperación entre a Universidade de Vigo e a National Technical University Harkiv Pol Ytechnic Institute – Acordo de cooperación educativa entre a Universidade de Vigo e a National Technical University Harkiv Pol Ytechnic Institute para a realización de prácticas no estranxeiro – Acordo específico entre a Universidade de Vigo e a National Technical University Harkiv Pol Ytechnic Institute para o intercambio de estudantes – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Sao Paulo (Brasil) e a Universidade de Vigo para o recoñecemento mutuo de estudos – Convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de Vigo, a Universidade da Coruña e BUGGYPOWER S.L. para a realización de prácticas de alumnos/as do Máster Universitario en Acuicultura –

– Convenio entre as universidades de Cádiz, A Coruña, Vigo e Santiago de Compostela para prácticas do alumnado do Máster Universitario en Bioloxía Mariña – Convenio de colaboración entre a fundación pública galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para proporcionar aos investigadores do SUG acceso a recursos de supercomputación, almacenamento de datos e comunicación – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad de Antioquia (Colombia) – Convenio específico de colaboración

entre a Universidade de Vigo e a Universidad de Antioquia (Colombia) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad de Madero (México) – Convenio específico entre a Universidade de Vigo e a Universidad de Madero para o intercambio de estudantes – Primeira addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o financiamento de agrupacións estratéxicas de investigación – Acordo de réxime de cotutela dunha tesis doctoral entre a Universidade de Vigo e a *University of Tunis El Manar (UTM), Faculty of Science of Tunis(FST)* – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Católica de Cuyo San Juan – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Católica de Cuyo San Juan para o intercambio de estudantes.

9. Elección do representante de estudantes no Consejo de Estudiantes Universitarios del Estado -CEUNE-.

10. Eleccións para cubrir as seguintes vacantes nas comisións delegadas do Consello de Goberno:

a. Organización Académica e Profesorado

- Sector PAS: 1
- Sector PDI: 1

b. Planificación e Asuntos Económicos

- Sector estudantes: 1

c. Investigación:

- Sector estudantes: 1
- Sector PAS: 1

d. Extensión Universitaria e Estudantes

- Sector PDI: 3
- Sector PAS: 1

11. Elección dos seguintes membros da Comisión de Reclamacións a Prazas de Profesorado Contratado:
1 Estudiante.

12. Rogos e preguntas.

1. Aprobación, se procede, da acta da correspondente á sesión ordinaria do 20 de xullo de 2018.

Apróbase a acta da sesión anterior por asentimento. Corrixindo un erro tipográfico (o apelido Puentes debe ser substituído polo de Fuentes).

2. Informe do reitor.

O Sr. Reitor informa de que o punto catro retírase da orde do día, á espera da negociación coa mesa sindical correspondente.

O Claustro queda fixado para o día 18, onde o punto principal será a aprobación dos Estatutos, relatando o resto dos puntos da orde do día do devandito Claustro.

Sobre as reunións na CRUE, informa das convocatorias de FPI e FPU, que saíran conxuntamente, e dunha mellora económica no programa Ramón y Cajal. O programa Beatriz Galindo atópase en vías de aprobación. Indica asemade que estase a subir a taxa de reposición no caso de PDI e PAS. Hai unha prórroga na acreditación dos programas de doutoramento, voluntaria para a Universidade. Aprobouse un decreto para a emisión de títulos antigos.

Continúa informando de que estase a traballar coa Xunta en titulacións duais, onde unha parte das ensinanzas cóbrese coas empresas. Comezaron a traballar as mesas de negociación de PAS e PDI e espera traer ao Consello aspectos consensuados. Informa de que xa foi publicada unha instrución da Xerencia para cubrir as baixas de curta duración, con carácter favorable e retroactivo. Xa se fixo o pagamento da suba salarial completa para o ano en curso e fálase deste asunto con posterioridade nun monográfico. No diario “El Confidencial” publicouse un informe sobre certos problemas de impresión

nos títulos universitarios, o que non lle resta validez aos estudos cursados na Universidade de Vigo; tomaranse as medidas oportunas ao respecto, aínda que o problema non supón un asunto grave. No seguinte Consello de Goberno se informará sobre a matrícula, tendo neste momento o 91% das prazas ocupadas, estando a Universidade de Vigo á cabeza do SUG en porcentaxe de ocupación. Estase a traballar nun plan de captación de alumnado e en actuacións específicas para certas titulacións concretas.

D^a Susana Reboreda pregunta o que se entende por curta duración das baixas ao abeiro da instrución da Xerencia e o Sr. Reitor aclara a cuestión e por que se fixo así.

3. Aprobación, se procede, da proposta de modificación do título Máster Universitario en “Estudios Ingleses Avanzados y sus Aplicaciones”.

O Sr. vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado sinala que se trata dun mestrado interuniversitario do SUG que non seguiu o proceso normal de acreditación de memorias, xa que dende a coordinación non iniciou este proceso axeitadamente; pero como temos a obriga de sacar adiante o mestrado, este púxose en exposición pública ata o 29 de setembro debendo aprobar agora certas modificacións menores xurdidas no proceso de acreditación, que xa foron aprobadas polas universidades da Coruña e a de Santiago. O Sr. vicerreitor detalla eses cambios menores.

Apróbanse as modificacións por asentimento.

4. Aprobación, se procede, do Programa de retención de talento investigador 2018 da Universidade de Vigo.

O reitor indica que o punto se retira porque non se chegou a un acordo na mesa de negociación.

5. Aprobación, se procede, de prórrogas de contratos de investigadores distinguidos da Universidade de Vigo.

A Sra. vicerreitora de Investigación indica o obxectivo destes contratos, que pasarán a chamarse “Hipatia” nesta convocatoria, por estar destinados a investigadoras distinguidas. Indica os seus requisitos, e que estes contratos entran no ámbito da Lei da Ciencia. As investigadoras deberán estar acreditadas como profesoras titulares de universidade. As elixidas deberán elaborar un informe anual. A proposta xa foi aprobada na mesa sindical e na reunión da comisión de investigación, ambas de 5 de outubro.

D. Jesús Rico sinala que na mesa de investigación comentáronse as becas sobre investigadores excelentes, moi restrinxidas ao ámbito científico na súa opinión, e sinala que, a nivel CRUE, deberían estenderse a outros ámbitos. Ten o apoio de D^a. Susana Reboreda no que se refire ao ámbito das humanidades. O Sr. reitor indica que toma nota e que así o formulará. D. Bienvenido Díez felicita ao equipo polas xestións levadas a cabo, no sentido de aclarar as perspectivas das persoas que se inician na investigación.

Apróbanse as prórrogas por asentimento.

6. Toma en consideración do recurso de alzada interposto por Dna. Itziar Goicoechea contra o acordo da Comisión Permanente do Departamento de Deseño na Enxeñaría, polo que se lle asigna docencia da materia Proxectos.

O Sr. secretario informa de que a propia recorrente manifestou o seu desexo de non insistir na súa petición. Ademais, o art. 122.2 da LPACAP sinala: “el plazo máximo para dictar y notificar la resolución será de tres meses. Transcurrido este plazo sin que recaiga la resolución, se podrá entender desestimado el recurso”. O recurso presentouse con data 12 de febreiro ante o mesmo órgano que ditou o acto impugnado, polo que este debería telo remitido ao competente no prazo de dez días, o que non se fixo. En suma, o 12 de maio quedou desestimado xa o recurso.

Desestímase o recurso por asentimento.

7. Designación como representantes da Universidade de Vigo no Consello de Administración de Cidade Universitaria, S.A. - CUSA- de D. José L. Míguez Tabarés, Dna. M^a Consuelo Pérez Vázquez e Dna. Raquel Souto García.

O Sr. reitor nomea ás persoas candidatas, sinalando que se encargan das mesmas áreas que no equipo anterior.

Apróbase por asentimento.

8. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Acordo marco de cooperación entre a Universidade de Vigo e a National Technical University Harkiv Pol Ytechnic Institute – Acordo de cooperación educativa entre a Universidade de Vigo e a National Technical University Harkiv Pol Ytechnic Institute para a realización de prácticas no estranxeiro – Acordo específico entre a Universidade de Vigo e a National Technical University Harkiv Pol Ytechnic Institute para o intercambio de estudantes – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Sao Paulo (Brasil) e a Universidade de Vigo para o recoñecemento mutuo de estudos – Convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de Vigo, a Universidade da Coruña e BUGGYPOWER S.L. para a realización de prácticas de alumnos/as do Máster Universitario en Acuicultura – Convenio entre as universidades de Cádiz, A Coruña, Vigo e Santiago de Compostela para prácticas do alumnado do Máster Universitario en Bioloxía Mariña – Convenio de colaboración entre a fundación pública galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para proporcionar aos investigadores do SUG acceso a recursos de supercomputación, almacenamento de datos e comunicación – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad de Antioquia (Colombia) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad de Antioquia (Colombia) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad de Madero (México) – Convenio específico entre a Universidade de Vigo e a Universidad de Madero para o intercambio de estudantes – Primeira addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o financiamento de agrupacións estratéxicas de investigación – Acordo de réxime de cotutela dunha tesis doctoral entre a Universidade de Vigo e a University of Tunis El Manar (UTM), Faculty of Science of Tunis(FST) – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Católica de Cuyo San Juan – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Católica de Cuyo San Juan para o intercambio de estudantes.

Apróbanse os convenios por asentimento.

9. Elección do representante de estudantes no Consejo de Estudiantes Universitarios del Estado – CEUNE –.

A Sra. vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudiantes e Extensión Universitaria comenta que é o Consello de Goberno quen debe nomear de momento a este representante, en tanto non se cree o Consello de Estudiantes, e que será D. Óscar Moldes Pita.

Apróbase o nomeamento por asentimento.

10. Eleccións para cubrir as seguintes vacantes nas comisións delegadas do Consello de Goberno:

a. Organización Académica e Profesorado

- Sector PAS: 1
- Sector PDI: 1

b. Planificación e Asuntos Económicos

- Sector estudantes: 1

c. Investigación:

- Sector estudantes: 1
- Sector PAS: 1

d. Extensión Universitaria e Estudantes

- Sector PDI: 3
- Sector PAS: 1

O Sr. reitor indica as candidaturas.

Para a Comisión de Organización Académica e Profesorado presentáronse as seguintes candidaturas:

Sector PAS: Cebro Rodríguez, Xoán M.

Sector PDI: Lavilla Beltrán, María Isela

Dado que se presentaron o mesmo número de candidaturas que postos a cubrir, non é preciso celebrar eleccións.

Para a Comisión de Planificación e Asuntos Económicos non se presentaron candidaturas para cubrir a vacante no sector estudantes.

Para as vacantes na Comisión de Investigación só se presentou unha candidatura, polo sector PAS, a da do Sr. Xoán M. Cebro Rodríguez. Polo que queda unha vacante, a do sector estudantes.

Para as vacantes da Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes, tres no sector PDI e unha no sector do PAS, presentáronse as seguintes candidaturas:

Sector PAS: Cebro Rodríguez, Xoán M.

Sector PDI: Óscar Ferreiro Vázquez; Susana Reboreda Morillo; Juan Picos Martín. Este último presentou a súa candidatura fóra de prazo, polo que é rexeitada.

Polo que, ao non ser necesario votar, apróbanse as candidaturas validamente presentadas, quedando unha vacante no sector PDI.

O Sr. Xan Cebro indica que pode renunciar aos seus postos nas comisións para non ter que estar presente en todas e dar paso así nelas a outros compañeiros do PAS no Consello de Goberno.

11. Elección dos seguintes membros da Comisión de Reclamacións a Prazas de Profesorado Contratado: 1 Estudante.

Non se presentaron candidaturas, polo que queda unha vacante no sector estudantes.

12. Rogos e preguntas.

O Sr. reitor cede a palabra a D. Íñigo Cuññas, que presenta dous rogos: por unha beira, que se revise a sinalética do Campus de Vigo; por outra, se dirixe ao reitor e ao Sr. vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado sobre a posibilidade de grados integrados+mestrado, para que o exploren no ámbito da CRUE, particularmente no caso dos mestrados de dous anos que existen nas enxeñarías. Prega que se considere cal é a postura da Universidade neste aspecto. O Sr. reitor aproveita para dicir que está prevista unha xuntanza con todos os equipos directivos do ámbito tecnolóxico e que se poderá tratar este asunto. En canto á sinalética, o Sr. reitor aproveita para indicar que se nomearán proximamente os edificios administrativos do Campus de Vigo, sendo competencia da Sra. vicerreitora de Comunicación. O Sr. vicerreitor de OAP explica por que se que quitou a posibilidade de matrícula extra nos mestrados, á que aludiu o Sr. Cuññas, debido a certas esixencias da Xunta. O Sr. Cuññas comenta a práctica da Universidade Politécnica de Madrid ao respecto, para facilitar as matrículas nese tipo de mestrados.

D. Óscar Moldes intervén para sinalar os problemas cos prazos de matrícula nos mestrados, así como os prezos dos cursos en Bubela, que considera excesivos. Pide cambios na normativa das matrículas de honor, de xeito que sexa máis homoxénea no conxunto da Universidade. Alude así mesmo ao tema do transporte desde os outros Campus para as reunións dos distintos órganos e á posibilidade de cubrir correctamente as ausencias nas prácticas do alumnado representante. O Sr. reitor explica que os cursos de

Bubela se autofinancian, de aí o incremento do prezo, e que as matrículas de honra están suficientemente reguladas, e que é cousa do profesor decidir. Promete estudar os temas.

D. Xan Cebro pregunta se houbo problemas para a xestión das becas do alumnado, dando por certo que así é nos campus de Ourense e de Pontevedra, o que causa un prexuízo ao alumnado destes campus. D. Óscar Moldes responde que non ten noticia disto. Celebra D. Xan Cebro que nos tres primeiros meses de Goberno houbera diálogo en diversos temas e se tentara chegar a solucións, particularmente coa Xerencia, á quen lle agradece a súa actitude de escoita, en espacial nas promocións pendentes e no cumprimento do programa electoral. Recorda o artigo 16 da Lei 14/2011 sobre os recursos humanos e os criterios de selección do persoal investigador, solicitando un diálogo cos servizos de PDI e de contratación, advertindo de que as seleccións de persoal no ámbito público deben facerse con coidado, particularmente no eido investigador, e que precisarían dunha regulación, xa que en moitos casos acaban no capítulo 1 dos presupostos, aínda que ás veces no cumpren cos fins que marca a contratación. Deberíase falar cos xefes dos servizos de PDI e de Investigación. Parece que son 1500 os contratos que debe xestionar unha soa persoa. Entende que para os próximos concursos de novas prazas terase que reforzar o servizo con outra persoa. Recomenda á xerente e á vicerreitora de Investigación que se senten a falar cos xefes de servizo, xa que poden xurdir problemas xurídicos. Pide á xerente que reúna á comisión de formación do PAS. Entende que a formación debe ser en horario de traballo para todos e todas. Pon como exemplo o que sucede cos cursos de inglés. Indica que todas as universidades poñen a formación pola mañá, xa que foi unha decisión unilateral da anterior Xerencia a discriminación e arbitrariedade que entende existe hoxe neste asunto e que afecta aos servizos. Finalmente, cre que é importante que se poña en marcha a comisión de informática e que se organice mellor o servizo. Pon exemplos de programas informáticos que non funcionan e o compara co que se fai na Universidade de Santiago.

O Sr. reitor responde que haberá que traballar sobre o Servicio de Bolsas nos campus de Ourense e Pontevedra. Agradece as palabras de eloxio á xerente. En canto ás prazas de investigadores contratados, cede a palabra á Sra. vicerreitora de Investigación, quen informa de que é consciente dos problemas. Estase a traballar nunha normativa sobre esas contratacións, que estará preparada en canto sexa posible. Informa de que as contratacións fanse, pero entende que o xeito de facelas é mellorable. A xerente responde sobre a comisión de formación e a xestión dos cursos de inglés. A súa intención é facer os cursos de formación pola mañá.

O Sr. Cebro sinala que a Comisión de Formación apenas se reúne e que non informou dos custos xerados por unha empresa externa contratada. O Sr. reitor indica que haberá que investigalo. Entende que o problema da área informática é complexo e que hai que ordenar o servizo, no que xa se está a traballar. O Sr. vicerreitor de Planificación comenta que se está a traballar nunha estrutura de tipo piramidal no servizo de informática e que se incorporará un área de administración electrónica. Pensa que a ATIC aborda certos traballos que non son da súa competencia e que se está a estudar a situación, así como a contratación de programas externos, para valorar as mellores opcións. A xerente apunta que esa parte está sen desenvolver na RPT. D. Luis Pérez puntualiza os problemas da RPT neste eido, xa que parte dela estase a decidir no xulgado, do que dependerá a nova estrutura do servizo.

D^a. Beatriz Gómez, representante do alumnado, indica que hai problemas á hora de solicitar a tarxeta de Vitrasa, o que lle acontece aos estudantes de terceiro ciclo, polos prazos de matrícula, que deberían conciliarse coas esixencias deste servizo. O Sr. reitor considera xusta a reclamación e promete estudala.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:38 h do día 8 de outubro de 2018, da que eu como secretario xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor

O secretario xeral

Manuel Joaquín Reigosa Roger

Miguel Ángel Michinel Álvarez